

# **ORDENANZA REGULADORA DO TRÁFICO NA ZONA URBANA E DO SERVIZO DE GUINDASTRE PARA RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA**

## **DISPOSICIÓN XERAIS**

### **ARTIGO 1. Obxecto e Fundamento Legal**

A presente ordenanza ten por obxecto a ordenación, control e regulación do tráfico nas vías urbanas deste Municipio e a retirada de vehículos da vía pública nos casos e na forma que se sinaliza na presente ordenanza, en exercicio da potestade que se recoñece aos municipios no artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

As normas desta Ordenanza complementan o disposto no Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, e no Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, por o que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial,

### **ARTIGO 2. Ámbito de Aplicación**

As disposicións da presente Ordenanza serán de aplicación en todas as vías urbanas do Municipio de Mondariz Balneario, entendendo como tales todas as vías públicas de titularidade municipal situadas dentro do Concello, agás as travesías.

## **CAPITULO I. DO TRÁFICO NA ZONA URBANA**

### **ARTIGO 3. Os Peóns**

Os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicable; en tal caso, poderán facelo pola beiravía, ou no seu defecto, pola calzada.

Aínda cando exista zona peonil, sempre que adopte as debidas precaucións, todo peón, poderá circular pola beiravía ou, se esta non existe ou non é transitable, pola calzada, nos casos en que transporten algún obxecto voluminoso ou empurren ou arrastren un vehículo de reducidas dimensións que non sexa de motor; cando se traten de peóns dirixidos por unha persoa ou que formen cortexo; e os impedidos que transiten en cadeira de rodas con ou sen motor.

Todo peón debe circular pola beirarrúa da dereita con relación ao sentido da súa marcha, e cando circule pola beirarrúa ou paseo esquerdo, debe ceder sempre o paso aos que leven a súa man e non debe deterse de forma que impida o paso pola beirarrúa aos demais, a non ser que resulte inevitable para cruzar por un paso de peóns ou subir a un vehículo.

Os que utilicen monopatíns, patíns ou aparatos similares non poderán circular pola calzada, salvo que se trate de zonas, vías ou partes destas que lles estean especialmente destinadas, e solo poderán circular a paso de persoa polas beirarrúas ou polas rúas residenciais debidamente sinalizadas, sen que en ningún caso se permita que sexan arrastrados por outros vehículos.

#### **ARTIGO 4. Sinalización**

Corresponde ao Concello a sinalización das vías urbanas, debendo responsabilizarse do mantemento das sinais nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación.

As sinais de regulamentación colocadas ao lado ou na vertical do sinal de entrada a poboado aplicaranse a todo o poboado, agás se dentro deste houberse sinais distintos para tramos concretos da rede viaria municipal.

Todos os usuarios das vías obxecto de aplicación da presente ordenanza estarán obrigados a obedecer os sinais de circulación que establezan unha obriga ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se atopen ao longo da vía pola que circulan.

Non se poderán instalar, retirar, trasladar, ocultar ou modificar as sinais colocadas na vía urbana sen previa autorización do Concello. Ademais, prohíbese modificar o seu contido ou colocar sobre elas ou nas súas inmediacións placas,

carteis, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou a súa eficacia, cegar os usuarios da vía ou distraer a súa atención.

Cando razóns de seguridade ou fluidez da circulación o aconsellen, poderá ordenarse pola Autoridade competente outro sentido de circulación, a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía ben con carácter xeral, ben para determinados vehículos ou usuarios, o peche de determinadas vías, o seguimento obrigatorio de itinerarios concretos ou a utilización de beiravías ou carrís en sentido oposto ao normalmente previsto.

Para evitar o entorpecemento á circulación e garantir a súa fluidez, poderanse impoñer restricións ou limitacións a determinados vehículos e para vías concretas, que serán obrigatorias para os usuarios afectados.

O peche á circulación dunha vía obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, solo se realizará con carácter excepcional e deberá ser expresamente autorizado pola autoridade local responsable da regulación do tráfico.

As sinais e ordes dos axentes de circulación prevalecerán sobre as demais sinais.

## **ARTIGO 5. Obstáculos na Vía Pública**

1. Prohíbese a colocación na vía pública de calquera obstáculo que poida dificultar en paso normal de vehículos ou peóns, salvo que sexa expresamente autorizado polo Concello cando concorran circunstancias especiais. Na devandita autorización estableceranse as condicións que deberán respectarse. O custo da sinalización e colocación de elementos de seguridade serán a custa do interesado. Os que creasen sobre a vía algún obstáculo ou perigo deberán facelo desaparecer o antes posible, e adoptarán as medidas para que poida ser advertido polos usuarios da vía, dando conta inmediatamente ás Autoridades.

O Concello establecerá zonas destinadas á carga e descarga, ben a iniciativa propia ou a petición dos particulares co pagamento da taxa correspondente. Esta zona reservada indicárase expresamente cos sinais correspondentes e coa limitación horaria correspondente.

As operacións de carga e descarga levaranse a cabo con medios de abondo para conseguir a máxima celeridade, e procurando evitar ruídos e molestias innecesarias.

Queda prohibido depositar a mercadoría na calzada, na beiravía e zonas peonís. Efectuaranse, no posible, polo lado do vehículo máis próximo ao bordo da calzada empregando os medios suficientes para que se realice con celeridade.

Tamén, a iniciativa do Concello ou do particular, poderán establecerse vaos para o paso de vehículos a través da beirarrúa a un inmovible ou soar.

2. O Concello procederá á retirada dos vehículos que obstaculicen as zonas debidamente autorizadas e sinalizadas como vaos e carga e descarga.

## **ARTIGO 6. Parada e Estacionamento**

### **A. PARADA**

1. Considérase parada a inmovilización do vehículo por un tempo que non exceda de dous minutos, na cal o condutor non poderá abandonar o vehículo. Se excepcionalmente O fixese, deberá estar o suficientemente preto como para retiralo en caso de que as circunstancias o esixan.

2. A parada efectuarase o máis preto da beirarrúa dereita se son vías de dobre sentido; se son de sentido único, poderase efectuar tamén no lado esquerdo.

Nas rúas sen beirarrúa, a parada deberá facerse deixando un mínimo de 1 metro dende a fachada máis próxima.

3. Queda prohibido parar:

- Onde os sinais o prohiban.
- Nas interseccións e nas súas proximidades se se dificulta o xiro a outros vehículos.
- Nos pasos para peóns.
- Nas zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas discapacitadas.
- Nas beirarrúas e zonas excluídas do tráfico.
- Nos lugares, en xeral, que se sinalan na Normativa estatal.

## **B. ESTACIONAMENTO**

1. Os vehículos poderán estacionar en fila, é dicir, paralelamente á beirarrúa, en batería, perpendicularmente á beirarrúa ou semibatería, é dicir, oblicuamente, todo iso conforme indiquen os sinais de tráfico, tanto vertical como horizontais.

2. A norma xeral é que o estacionamento de faga en fila ou cordón. A excepción a iso sinalizárase expresamente.

3. O estacionamento farase o máis pegado posible á beirarrúa.

4. Os vehículos estacionados en pendente ascendente (cando estean provistos de caixa de cambios) deberán deixar colocada a primeira velocidade, e cando estean estacionados en pendente descendente, deberán deixar colocada a marcha atrás. Os condutores deberán deixar o vehículo estacionado de modo que non se poida mover, sendo responsables diso.

5. Este Concello adoptará as medidas axeitadas para facilitar o estacionamento dos vehículos automóbiles pertencentes aos persoas discapacitadas con problemas graves de mobilidade.

6. Queda prohibido estacionar:

- a) Nos lugares que se indique mediante sinais tal prohibición.
- b) En todos os casos que está prohibido a parada.
- c) Nas zonas sinalizadas para carga e descarga.
- d) Nas zonas correctamente sinalizadas como vaos.
- e) En dobre fila, tanto se na primeira fila hai un coche coma se hai un colector ou algún elemento de protección.
- f) Nas vías que, pola súa anchura, non permitan o paso de máis dun vehículo.
- g) Nas beirarrúas.
- h) Nos lugares que eventualmente se indiquen para a realización de obras, mudanzas ou actos públicos, sempre que así se indique cunha antelación de, polo menos, vinte e catro horas.
- i) Nos lugares que teñan rebaixado o bordo para permitir o tránsito de persoas discapacitadas.
- j) En illotes ou medianas centrais.

k) En todo lugar non indicado anteriormente que constitúa un risco para peóns, animais ou vehículos.

En calquera caso, a parada e o estacionamento deberán efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a colocación do vehículo e evitando que poida poñerse en movemento en ausencia do condutor.

#### **ARTIGO 7. Límites de Velocidade**

a) A velocidade máxima que se establece para a travesía que forman a Rúa Constitución, a Rúa Ramón Peinador e a Rúa 15 de Outubro é de 50 quilómetros por hora.

b) A velocidade máxima que se establece para a travesía que forman a Avda. villasobroso é de 50 quilómetros por hora.

c) A velocidade máxima que se establece para a zona urbana de Mondariz Balneario é de 40 quilómetros por hora.

### ***CAPÍTULO II. DO SERVIZO DE GUINDASTRE PARA RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA***

#### **ARTIGO 8. Servizo Municipal de Guindastre**

O servizo Municipal de guindastre comprende a retirada de vehículos da vía pública e o seu depósito no local ou recinto que o Concello disporá para tal fin.

#### **ARTIGO 9. Retirada de vehículos**

A retirada de vehículos da vía pública e o seu depósito procederá, a título enunciativo, nos seguintes casos:

- a) Por causa de forza maior.
  - 1. No suposto de accidente ou avaría que impida continuar a marcha.
  - 2. Cando o condutor presente unha taxas de alcohol en sangue maior a permitida.

- b) Por orde da autoridade municipal:
  - 1. Cando polas condicións externas o vehículo se considere un perigo e produza ou poida producir danos na calzada.
  - 2. Cando un vehículo se atope estacionado de forma antirreglamentaria e o seu condutor non estea presente ou, estando, e negara a retiralo ou entorpeza a circulación rodada ou peonil ou impida o movemento doutro vehículo correctamente estacionado.
- c) Cando, como consecuencia de accidente, atropelo, etcétera, se dispoña o depósito do vehículo polas autoridades xudiciais.
- d) Cando un vehículo permaneza estacionado na vía pública en condicións tales que fagan presumir o seu abandono.
- e) O estacionamento e itinerarios ou espazos que haxan de ser ocupados por unha comitiva, procesión, cabalgata, proba deportiva, actos ou espectáculos debidamente autorizados e previamente anunciados.
- f) Sempre que sexan necesarios para efectuar obras de reparación da vía pública.
- g) Nos supostos non sinalados anteriormente e que están previstos no artigo 192, apartado III do vixente Código de Circulación.

#### **ARTIGO 10. Estacionamento antireglamentario**

Os efectos do apartado b), 2 do artigo anterior, entendese, a título informativo, que un vehículo se encontre estacionado de forma antirreglamentaria cando se encontre estacionado nos lugares e casos seguintes:

- a) Naqueles lugares que está prohibida a parada.
- b) Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas a uso peonís.
- c) En dobre fila, calquera que sexa o motivo.

- d) Nos lugares reservados para a carga e descarga de mercadorías, durante as horas a elo destinadas.
- e) Nas zonas reservadas para estacionamento de vehículos para o servizo público, organismos oficiais, etcétera.
- f) Cando un vehículo estacionado deixe para a circulación rodada unha anchura inferior a dun carril.
- g) Cando un vehículo se encontre estacionado a unha distancia inferior a 3 metros a cada lado das paradas de autobuses sinalizadas, salvo que exista sinalización en sentido contrario..
- h) Cando impida o acceso de persoas ós inmobles.
- i) Cando impida o acceso de vehículos ós inmobles.
- j) Nos vaos permanentes e fronte a estos, cando se dificulte a entrada e saída.

### **ARTIGO 11. Depósito de vehículos**

Nos casos que proceda a retirada de vehículos polo servizo municipal de grúa, conforme ó disposto anteriormente, depositarase este no local ou recinto que o Concello disporá a tal fin.

Dita retirada levará consigo o depósito do vehículo e o propietario do mesmo virá obrigado a satisfacer o importe do traslado e o da estancia do vehículo no depósito, conforme as normas establecidas na ordenanza fiscal correspondente, excepto nos supostos comprendidos nos apartados e) e f) no artigo 9, nos que procederá a retirada do vehículo sen custo algún para o propietario deste.

No caso de actuación do servizo municipal de guindastre, como consecuencia dos supostos contemplados na presente ordenanza, segundo se establece nos supostos anteriores e persoado o propietario do vehículo cando se haxa iniciado a actuación, este deberá aboar os gastos ocasionados como consecuencia da intervención do servizo municipal de guindastre, tal e como figura descrito na correspondente ordenanza fiscal.



